



MELIDE E A LEI ANTITABACO

O día 1 de xaneiro implantouse unha nova lei que involucraba a fumadores, comerciantes de tabaco, etc. Esta nova lei ten unha serie de criterios e obxectivos, como por exemplo a diminución de fumadores. Os donos de establecementos, como cafeterías, dependendo dos metros do seu local tiñan a posibilidade de escoller que fosen para fumadores ou non fumadores. Outros lugares, como oficinas, prisións... contan con unha área de descanso para fumadores. Sen embargo, en ningún lugar público, como aeroportos, estacións, etc, está permitido.

Para saber o que pensaban os melidenses desta nova lei, decidín facerlles unha entrevista aos propietarios de tres establecementos básicos: un bar no que se permite fumar, un no que non se permite e un estanco.

Primeiro afectado: o estanco

- Cres que diminuíu a clientela despois da implantación nalgúns establecementos desta lei?

- No noso non, pero penso que nalgúns si, e notablemente

- Ti que pensas desta lei?

- Non me gusta, non só porque teñamos un estanco, senón porque a xente é consciente do que é o tabaco, non é necesario impoñer unha lei.

- Pensas que é un bo método para deixar de fumar ou que hai mellores medios?

- Hai métodos mellores.

- Cales son as marcas de tabaco máis consumidas?

- Ducados, Rubio, Chester, Lucky, Malboro e Wiston.

- Entre que idades pensas que se fuma máis?

- A partir dos doce ou trece para arriba.

- Cres que se está a cumprir a lei?

- Non, para nada.



elroto@inicia.es

Segundo afectado: Sala de xogos Noela

- O voso local é de fumadores ou de non fumadores?

- De non fumadores

- Por que decidistes que no voso establecemento non se pode fumar?

- Non o decidimos nós, impuxéronnolo.

- Cres que diminuíu a clientela despois da lei antitabaco?

- Nós non o notamos moito, pero posiblemente

- Que pensas sobre a nova lei?

- Que non serve para nada, porque cada un fai coa súa vida o que quere, que cando un é maior xa o sabe, e se te vas a un establecemento no que non se permite fumar e vas ao baño, por exemplo, e fumas un cigarro ninguén che vai dicir que non o fagas.

- Pensas que é un bo método para deixar de fumar ou que hai mellores medios?

- Para nada. Eu penso que se un quere deixar de fumar, déixao por vontade e non porque llo impoñan.

- Cales cres que son as marcas de tabaco máis consumidas?

- Malboro, Chester e Lucky. A nivel nacional, o Fortuna.

- Entre que idades pensas que se fuma máis?

- Cando se ten o costume, pódese fumar a calquera idade.

MELIDE E A LEI ANTITABACO

- Es fumadora?

- Si

- Que che proporciona o tabaco?

- Non me proporciona nada, pero ás veces senta ben, dá gusto botar un cigarro.

- Cres que se está a cumprir esta lei?

- Creo que non se está a cumprir, só nos sitios máis públicos, como aeroportos, estacións, ... porque pode haber alguén que denuncie.

Terceiro afectado: Pub o Templo

- O voso local é de fumadores ou de non fumadores?

- De fumadores

- Por que decidistes que no voso establecemento si se pode fumar?

- Porque é un pub, e a maioría da xente que sae fuma.

- Cres que diminuíu a clientela despois da lei?

- No noso local non, aínda que se puxeramos o local de non fumadores non ía vir nin o fumador nin o non fumador, porque a xente que fuma e sae ten amigos que tamén fuman.

- Que opinas sobre a nova lei?

- Non me gusta e penso que non é xusta.

- Pensas que é un bo método para deixar de fumar ou que hai mellores métodos?

- Non é unha boa idea, porque a xente segue fumando igual ou máis.

- Cales cres que son as marcas de tabaco máis consumidas?

- LM, Chester, Wiston e Lucky

- Entre que idades pensas que se fuma máis?

- Entre os dezaseis e os vinte e cinco.

- Es fumadora?

- Si

- Que che proporciona o tabaco?

- Cansazo no exercicio físico, mala saúde, e cousa boa ningunha, pero é un vicio.

- Cres que se está a cumprir esta lei?

- Non, en ningún dos seus artigos, nin no de fumar, nin no de vender tabaco, nin ningún.

En resumo, estes tres establecementos non están de acordo coa nova lei, ou ben porque non lles gusta ou porque llela impoñen. A xente nova segue a ser a máis fumadora, e as marcas máis demandadas son Marlboro, Chester, Lucky, Wiston e Ducados, sen esquecer os Fortuna, a nivel nacional. A maioría da xente segue a pensar que non se debería de impoñer esta lei, e o que é fumador é consciente do que fai e non vai deixar de facelo porque lle impoñan unha lei.

YOLANDA PAMPÍN GIL. B1C

